

BASES DO PROGRAMA DE AXUDA DE ALIMENTOS

Este programa ten por obxecto o reparto de alimentos do Plan de axuda alimentaria ás persoas máis necesitadas da Unión Europea.

Persoas beneficiarias:

Poderán beneficiarse desta axuda as persoas ou unidades familiares do Concello de Ponteceso que se encontren nunha situación de necesidade de alimentos.

Requisitos:

As persoas solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

*Estar empadroados/as e ter residencia efectiva no Concello de Ponteceso de forma ininterrompida polo menos con tres meses de antigüidade no momento da solicitude.

*Acreditar a situación de necesidade de alimentos.

*Que a unidade familiar non dispoña de ingresos suficientes para afrontar a cobertura desta necesidade básica, segundo a seguinte táboa:

CONVIVINTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Até o 75% do IPREM
2	Até o 150% do IPREM
3	Até o 250% do IPREM
4	Até o 350% do IPREM
5	Até o 450% do IPREM
6	Até o 550% do IPREM
7	Até o 650% do IPREM
8	Até o 750% do IPREM
9 ou mais	Até o 850% do IPREM

O IPREM de referencia será o IPREM anual formado por 14 pagas. Para o ano 2015 o IPREM é de 532,51€/mes.

Para o cálculo terase en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas ou subsidios por calquer outro concepto.

Presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse no departamento de educación familiar xunto coa seguinte documentación relativa a todos os membros da unidade familiar:

*Documento Nacional de Identidade Tarxeta de Residencia ou calquera outra identificación válida.

*Libro de Familia

*Volante de empadramento da unidade de convivencia.

*Declaración da renda do último exercicio ou certificado de imputación de rendas.

*Xustificante dos ingresos económicos actuais (certificado da pensión, nóminas dos últimos seis meses,certificado das prestacións por desemprego...)

*Outra documentación que poida ser valorada (tarxeta de demanda de emprego, certificado de minusvalía,xustificante do aluguer ou hipoteca da vivenda,sentencia de separación...)

Resolución

As solicitudes presentadas serán valoradas no departamento de educación familiar tendo en conta dous factores:

*Valoración económica

*Valoración social

Se a persoa solicitante ten dereito á axuda dos alimentos, seralle comunicado e poderá pasar a recollelos.

Reparticións

Unha vez que se reciban no Concello os alimentos do *Programa de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas*, procederase á distribución dos mesmos entre os/as beneficiarios/as do programa.

Seguimento

Levarase a cabo un seguimento do Programa unha vez ao ano,coincidindo coa primeira fase do *Plan de axuda alimentaria ás persoas máis desfavorecidas*, no cal enviarase, a cada persoa ou unidade familiar beneficiaria, un escrito no que se requirirá a documentación necesaria para a comprobación de que segue tendo dereito á axuda.Así mesmo farase unha revisión anual dos límites de ingresos.

Ponteceso,23 de abril de 2015

